

Xosé María Álvarez Blázquez editor

Manuel Bragado

Solicítanme que presente unha breve semblanza de Xosé María Álvarez como editor, fundador do concepto da edición moderna en lingua galega.

Voces tan autorizadas como as do seu biógrafo Darío Xohán Cabana insisten en que entre todos os eidos da súa monumental actividade cultural nuns anos de enorme precariedade foi, seguramente, a de editor, a máis destacada de todas as que emprendeu don Xosé María. Desde 1950 en Edicións Monterrei e logo, en dúas etapas ben diferentes, desde 1963 a 1980 en Edicións Castrelos, don Xosé María contribuíu decisivamente a reconstruír o tecido editorial galego destruído pola intransixencia e a violencia da rebelión militar do 36 que segou a vida do seu pai (Darío Álvarez Limeses, chamado en Tui «o médico dos pobres»).

En ambas as dúas aventuras editoriais traballou don Xosé María contracorrente (mesmo do galeguismo cultural representado por Galaxia, editorial da que foi, tamén, un dos seus fundadores), movido pola convicción patriótica e a afouteza empresarial de que era posible crear (por difícil que parece) un mercado do libro en galego ou de interese galego.

Como atinadamente sinala Darío Xohán Cabana, XMAB perseguiu durante tres décadas a mesma fantasía empresarial ensaiada polos tres grandes editores galegos de catálogo da nosa historia que o precederon: Manuel Soto Freire (o impresor lucense que no dezanove planificou por vez primeira un catálogo editorial en Galicia), Andrés Martínez Salazar (o creador da primeira «Biblioteca Gallega») e Ánxel Casal (o editor mártir, creador de Nós, a editorial galeguista republicana).

Edicións Monterrei

Para a súa primeira empresa editora, XMAB tomou o nome de «Monterrei», o castelo onde foi instalada a primeira imprenta de tipos móbiles en Galicia e onde en 1491 foi estampado o *Missale Auriense*, o primeiro libro editado no país. Contou coa complicidade do seu socio, Luis Viñas Cortegoso, o inspector de ensino primario formado na Institución Libre de Ensinanza, co que fundara dous anos antes a «Almoneda Monterrei», a librería de vello situada no número catorce da viguesa rúa de Pi e Margall (entón General Aranda).

Naquela editorial bilingüe, con clara vocación de bibliófila, XMAB editou algúns dos libros mais coidados que se teñen feito en Galicia no século pasado, como *Teatro venatorio y coquinario gallego* (1958) de José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro ou como os da colección «Beatus Jacobus», edicións numeradas impresas en papeis de calidade e maquetadas con xenio e fasquía clásicas. Foron os casos de *El buho gallego con las demás aves de España* (1951), obra que o editor determinou que escribira Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos ou *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento* (1952), edición ao cargo do seu socio Viñas Cortegoso.

XMAB abriu en Monterrei, ademais, dúas coleccións en lingua galega: «Leixado do vento» e «Frol e froito».

Na primeira publicou ao longo da década dos cincuenta dez títulos, en edicións de trescentos exemplares en papel verxurado, algunhas ilustradas e mesmo empregando a cor. Nesta serie incluíu títulos da súa produción poética como *Roseira do teu mencer* (1950, poemario que dedicaba a súa filla *Colorín*), o *Cancioeiro de Monfero, Século XIII* (1953, presentado como anónimo, mais que como ben sabemos foi da autoría do editor, unha trasnada literaria ben simpática) e *Romance do pescador peleriño* (1954), ademais doutros emblemáticos como *Poesías galegas. Égloga de Belmiro e Benigno. A Alborada* (1951) de Nicomedes Pastor Díaz (ilustrado por X. Sesto), *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1953) ou *Cantiga nova que se chama riveira* (1957, reedición do segundo poemario de Cunqueiro).

Na segunda, «Frol e froito», iniciada en 1953 cun libro de Ben-Cho-Shey, *Andrómenas. Contos para o pobo*, coa intención de constituír unha fiestra aberta aos novos valores literarios, recuperar textos clásicos e popularizar a divulgación da literatura galega, XMAB anticipou o nacemento do que logo se chamaría «Nova Narrativa Galega» coa publicación dos dous primeiros libros do mozo Gonzalo R. Mourullo, *Nasce un árbore* (1954) e *Memorias de Tains* (1956), toda unha proeza de modernidade.

Mención á parte neste requintado labor editorial de edicións Monterrei en tempos necesitados (o seu logotipo foi inspirado nun debuxo de Urbano Lugrís) merece a edición en 1960 de *La ciudad y los días*, o calendario histórico de Vigo, traducido ao galego en 2008. Vigo e os vigueses aínda tiñamos unha débeda pendente con quen ao longo de todo o ano 1959 desenvolveu nas páxinas de *Faro de Vigo*, dirixido daquela por Francisco Leal Insua, a proeza de escribir, empregando a forma de efemérides e baixo o título xeral de «Calendario histórico de Vigo», o que constitúe até agora a obra máis orixinal e singular da historia local viguesa. Colaboracións xornalísticas diarias, escritas cunha prosa briosa e engaiolante, documentadas con pasmosa erudición, que Xosé María rearmou o ano seguinte en forma dun libro de case seiscentas páxinas publicado nas súas Edicións Monterrei, ao cal lle daría o título principal de *La ciudad y los días*.

Un volume que soubo enfeitar cunha cuberta serigrafada, realizada no obradoiro da Serigrafía Gallega do seu irmán Álvaro, sendo o primeiro libro que utilizaba en Galicia esta técnica de impresión. Ademais, non o esquezamos, don Xosé María é o autor principal de *Vigo en su historia*, groso volume de seiscentas cincuenta páxinas publicado en 1979 pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, unha formidable obra colectiva, na que se ocupou da coordinación, da dirección da edición e de máis da metade dos textos do seu contido.

Edicións Castrelos

Mais, continuemos co seu periplo como editor. En 1967, con cincuenta anos cumpridos, decidiu revitalizar o proxecto de Edicións Castrelos, que fundara tres anos antes cos seus irmáns. Comezou, entón, unha das aventuras máis

apaixonantes e produtivas da historia da edición galega. Coa intención explícita de resucitar a colección «Flor e Froito» das súas Edicións Monterrei, popularizar o libro en galego e convertelo nun negocio editorial normalizado, don Xosé María desenvolveu en Castrelos, durante doce intensos anos, un catálogo de case cen títulos, que permitiu a difusión de 600.000 exemplares, cifras espectaculares que a situaron como a editorial punteira do seu tempo e a que permitiu máis decisivamente, antes do inicio do período autonómico, a ampliación da sociedade lectora na nosa lingua.

Don Xosé María organizou o seu catálogo en base a dúas coleccións troncais, «O Moucho» e «Pombal», ás que máis tarde engadiría outras dúas dedicadas a poesía, «Mogor» e «Pico Sacro», onde se publicaron *Canle segredo* e *Romanceiro da Terra Cha*, libros de poemas do propio Xosé María e Darío Xohán Cabana, que traballou, dende 1970 e durante catro anos, man con man co editor, experiencia que o escritor chairego recolleu no relato «Anos de aprendizaxe», incluído no seu libro *Mitos e memorias* (Xerais, 2003).

Con todo, as primeiras publicacións de Castrelos serían os «Cuadernos de arte gallego», iniciados en 1963, no que os editores pretendían recoller as nosas máis variadas e ricas manifestacións artísticas, tato cultas como populares, percorréndose catedrais, pazos e museos de Galicia para dar conta deste patrimonio. Contaban co especialistas como Taboada Chivite, Filgueira Valverde, Sánchez Cantón, Hipólito de Saa, Bouza Brey, Antón Fraguas, Otero Pedrayo, Chamoso Lamas, Odriozola e os propios irmáns Álvarez, entón propietarios da editorial. Entre 1963 e 1965 apareceron unha ducia de títulos, que tiña 48 páxinas, ilustradas en branco e negro sobre un formato de 12 x 18 cm, cun prezo inicial de 30 pesetas.

«O Moucho», colección publicitada baixo o lema «Libros do pobo para o pobo», constituíu un fito na historia da edición en galego pola súa intención de constituír unha auténtica biblioteca popular galega que achegase as nosas letras ao gran público, espallando por todos os recantos da terra unha literatura de masas, leda e sincera. Foi toda unha aposta divulgativa, singular, anovadora, ademais de sostible Enlazaba cunha tradición de coleccións dos anos 20, Céltiga e sobre todo Lar, que acadou corenta entregas, feitas polas xentes das Irmandades da Fala e polo editor Ánxel Casal na súa etapa coruñesa.

Cun deseño moi orixinal e cunhas portadas coloristas serigrafadas a cinco tintas no obradoiro da rúa Falperra 33 de «Serigrafía Gallega», a empresa que montara Álvaro, o irmán máis novo de Xosé María, os libros do Moucho de 48 a 64 páxinas (tiñan un prezo de trinta pesetas e unha tirada inicial de 3.000 exemplares) inundaron de lectura galega, por vez primeira na nosa historia, ás librerías e ás feiras populares, que tamén alí se vendían estas alfaias.

Catálogo da colección «O Moucho» iniciado por *O catecismo do labrego* (1967) de Valentín Lamas Carvajal, que se convertería no libro insignia da colección (chegou ás catorce edicións, vendeu 70.000 exemplares, 20.000 nun só ano), que xunto a serie de «Chispas da roda» de Fernando Quesada (80.000 exemplares vendidos) serían os títulos máis populares da edición

en galego do seu tempo. Sen esquecer *Retorno a Tagen Ata* (1971) a noveleta de Xosé Luís Méndez Ferrín e moitos outros textos, resultado das colleitas do editor no eido da literatura tradicional da súa querenza, como *O refraneiro do viño* e *Cantigas do viño*, por citar só dous casos.

Entre 1967 e 1978, Xosé María Álvarez Blázquez publicou 56 títulos, que á altura do número 50 supoñían 106 edicións, o que supoñen unhas cifras inéditas para o libro galego. Conta o seu fillo Alfonso, que o editor ritualizaba a saída de cada novo título, mercando simbolicamente unha pequena figurina dun moucho, que ía colocando no seu despacho, ao tempo que espallaba os mouchos de papel polo país.

A colección literaria «Pombal», iniciouse o 30 de novembro de 1967, coa publicación de *Cantos de Nadal, Aninovo e Reis*, unha escolma de literatura popular de temática natalicia, primeiro dos 25 títulos publicados até 1981. Presentada cun formato e un deseño semellante aos libros da colección Austral, pretendía ofrecer «ao lector galego» obras tanto contemporáneas como outras «nadas no pasado, que pola súa fondura, calidade ou interés xeneral merezan saír do cuasi anonimato da rareza bibliográfica» [palabras do editor na presentación da colección].

E abofé que o conseguiu, xa que os vinte e catro títulos de Pombal (moitos varias veces reeditados) serviron para que toda unha xeración de mozos coñecésemos aos clásicos galegos do Rexurdimento –*Follas Novas* (1968) de Rosalía de Castro, *Queixumes dos pinos e outros poemas* (1970) de Eduardo Pondal, *Aires da miña terra* (1971) de Manuel Curros Enríquez–, que por razóns políticas non quixo publicar ata entón a editorial Galaxia.

«Pombal», ademais, publicou as primeiras edicións de libros claves como *A fronteira infinda* (1972), o libro de relatos de Celso Emilio Ferreiro; *Contos da néboa* (1973) de Ánxel Fole; *Adiós María* (1971) a novela de Xohana Torres; *Dos anxos e dos mortos* (1977), a novela xeracional de Anxo Rei Ballesteros; *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979) as estremecedoras memorias de Antón Alonso Ríos, coas que don Xosé María iniciaba dentro da colección a serie «Alexandro Bóveda» coa que se «pretendía esclarecer o pensamento do nacionalismo galego en tódalas súas lexítimas vertentes» (a achega alboral de reivindicación da memoria histórica).

Por último, «Pombal» abriu outro vieiro, non menos decisivo, o de iniciar un proceso de diálogo da edición en galego coa literatura universal, a través da tradución de títulos como *Antígona* (1976) de Sófocles ou *A Iliada* (1977) de Homero.

Castrelos, ademais da edición de libros, foi un foco de activismo cultural. Dende a oficina de Pi e Margall 14 alentábase a xa citada experiencia de «Serigrafía Galega», promovida por don Álvaro Álvarez Blázquez, coa intención da popularización da arte galega contemporánea; como tamén se distribuían os míticos autocolantes (“Falemos galegos”, “Galego na escola”, entre outras), que constituíron a primeira campaña de promoción de uso da lingua de noso que coñecemos.

Primeiro editor contemporáneo

Xosé María Álvarez Blázquez, na súa segunda etapa como editor, á fronte de Castrelos utilizou criterios estritamente de mercado para facer viable o seu proxecto editorial.

Xosé María suplía o alto custe unitario de fabricación dos seus produtos e o pagamento do 10% dos dereitos de autor (Darío Xohán Cabana acredita un custo de 28.000 pesetas para unha tirada de 3.000 exemplares de cada unha das novidades d' O Moucho, o que supón, vendéndose a 30 pesetas, un custo unitario de máis de 9 pesetas, dos cales 3 correspondían á carísima cuberta serigráfica, e, polo tanto, un índice multiplicador de 3,1, moi baixo para os criterios actuais de economía editorial) cun traballo teimoso de facer visibles os seus libros e de novidosa rede de distribución, superando ao tradicional sistema de subscrición que caracterizara ao libro galego dende o século XIX.

Está acreditado o rigor de don Xosé María na xestión dos depósitos nas librarías e na ampliación, impresionante hoxe, dos puntos de venda que conseguiu, até chegar, segundo datos de Cabana, en 1975 a máis de 220). A isto habería que engadir outras iniciativas como a venda dos fondos, sobre todo d' O Moucho e de Pombal polas vilas, festas e vilas, como de grupos galeguistas con motivo do Día das Letras Galegas.

Porén, menos éxito tivo o proxecto de Castrelos facer visibles as súas novidades nas páxinas das revistas culturais, como *Grial*, na que apenas aparecen seis recensións durante o período de funcionamento do proxecto de don Xosé María.

Viravoltas do mundo da edición galega, levaron a que fose Galaxia quen en 1979 adquirise o fondo de Castrelos, cuxo selo sería utilizado até 1983, ano no que publicou Refendas de vida e morte de Manuel Casado Nieto, número 63 e derradeiro título da colección O Moucho e da propia editora viguesa.

Concluíndo. O labor editorial de don Xosé María en Castrelos foi o dun xigante do que os editores galegos de hoxe sentímonos tan abraiados como humildes herdeiros. Impuxo os criterios dunha edición de catálogo, organizada por coleccións; renovou o deseño e a maquetación das obras; creou o concepto do libro de peto na edición galega; respectou os lexítimos dereitos dos autores; renovou e ampliou a distribución comercial... Puxo, en definitiva, os alicerces para o agromar da edición galega contemporánea. Un testemuño recollido, afortunadamente, despois de Castrelos ser adquirida por Galaxia, por Edicións Xerais de Galicia, mais esa xa é outra historia.